



Galicia

GALICIA

LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

ISSN 1989-3299

Nº 698 Semana do 3 ao 9 de outubro de 2016



7 DE OUTUBRO, XORNADA MUNDIAL POLO TRABALLO DECENTE

HOXE, UGT CONVOCA CONCENTRACIÓNS NAS CIDADES E VILAS GALEGAS PARA DEMANDAR “TRABALLO DECENTE XA”

Redacción.- UGT-Galicia, xunto con CCOO, convocan concentracións nas cidades e vilas galegas para conmemorar a Xornada mundial polo traballo decente que ven promovendo a CSI cada 7 de outubro dende o ano 2008.

Nesta ocasión, UGT convoca esta xornada e chama á cidadanía a mobilizarse baixo o lema “Alto á avaricia corporativa. Non aos contratos lixo, aos baixos salarios e á precariedade. Traballo decente xa!”.

Salvo no caso de A Coruña, onde a concentración foi onte fronte á Delegación do Goberno, no resto de Galicia celebrábase hoxe a xornada con concentracións en Ferrol, ás 12.00, fronte ao edificio da Xunta; en Santiago, ás 12, fronte ao edificio da Xunta; en Lugo, ás 11.30, fronte á Subdelegación do Goberno; en Ourense, ás 12.30, fronte á Subdelegación do Goberno; en Pontevedra, ás 12.00, fronte á Subdelegación do Goberno; e en Vigo, ás 11.00, fronte ao edificio do INSS provincial.

Se os gobernos non poñen límites e condicións á actuación das empresas e estas perseguen como único obxectivo obter o máximo beneficio ao menor custo, o modelo económico e comercial —baseado en cadeas de subministracións, grandes multinacionais, deslocalización de empresas, subcontratación e franquías— acrecentará a explotación, a desigualdade e a pobreza en todo o mundo.

Nos ámbitos nacional e internacional, este modelo no que prima a avaricia prexudica a millóns de persoas que traballan en condicións de escravitude, explotación ou irregularidade, por salarios baixos ou miserentos que estenden a pobreza. Un modelo que, ademais, suprime dereitos fundamentais, incluídos os que lles permiten ás traballadoras e traballadores organizárense, negociaren e defendérense colectivamente. As políticas de austeridade, as sucesivas reformas laborais e a lei mordaza agravaron a situación.

UGT esixe traballo decente, respecto aos acordos de negociación colectiva e aos dereitos laborais das persoas directamente empregadas polas empresas e as grandes multinacionais, pero tamén dos traballadores e traballadoras que constitúen unha man de obra oculta mediante as diferentes fórmulas de subcontratación, deslocalización ou franquías. É preciso establecer mecanismos reais e efectivos que permitan esixir responsabilidades ás empresas pola súa actuación, tanto dentro coma fóra do noso país.

UGT, con motivo da Xornada Mundial polo Traballo decente, esixe:

Garantir por lei que as empresas que subcontraten —mediante calquera fórmula— sexan responsables subsidiarias dos salarios e da protección social dos traballadores e traballadoras das empresas subcontratadas, con independencia de onde se atopen.

Esixirles ás empresas que utilizan cadeas de subministración que todos os seus provedores, tanto no noso territorio como no estranxeiro, manteñan condicións de emprego decentes, respecten os convenios colectivos e os dereitos fundamentais, incluídos os dereitos sindicais.

Establecer por lei, como requisito na contratación pública, que as empresas con que se contraten bens ou servizos respecten os convenios colectivos aplicables e condicións de traballo decente, unha esixencia que estendemos ás franquías e filiais das grandes empresas, tanto no noso país como no estranxeiro.

Derrogar as reformas laborais de 2010 e 2012, e recuperar os dereitos arrebatados



Concentración A Coruña que se celebrou o xoves e na que participou o secretario xeral de UGT-Galicia

dos aos traballadores e traballadoras.

Combater e desigualdade e a pobreza mediante unha prestación de ingresos mínimos que garanta os recursos básicos ás persoas que carecen de emprego.

Establecer subas salariais que contribúan ao crecemento económico e do emprego. No marco da negociación colectiva, profundar no desenvolvemento de cláusulas que axuden a impulsar o emprego e, sobre todo, a mellorar a súa calidade.

Fixar un SMI de 800 euros o primeiro ano e subas progresivas durante a lexislatura, ata acadar o 60 % do salario medio do noso país.

Derrogar a Lei 4/2015 de protección da seguridade cidadá (lei mordaza) e o artigo 315.3 do Código penal, que criminaliza facultades esenciais para exercer o dereito de folga.

Instamos o Goberno a modificar o Estatuto dos Traballadores para cumprir a Directiva 1999/70/CE e as sentenzas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza da UE o pasado día 14 de setembro, que sinalan a discriminación e o abuso na contratación temporal no noso país.

AUMENTA O PARO E O ESCASO EMPREGO QUE SE XERA É PRECARIO CON TAN SÓ UN 7% DE CONTRATACIÓN INDEFINIDA

As políticas do Goberno consolidan a figura do traballador pobre. Contratos temporais, a tempo parcial e desvalorización salarial son os símbolos de identidade do mercado laboral

Redacción.- O desemprego medra, segundo os datos do paro de setembro publicados esta semana polos servizos públicos de emprego. O escaso emprego que se crea é moi precario, sendo a porcentaxe de contratación indefinida sobre o total de tan só o 7,21 por cento, e mantéñense os altos niveis de desprotección, xa que a taxa de cobertura deixa fóra ao 46,7 por cento dos desempregados.

Continúa producíndose un abuso inxustificado da contratación temporal que, xunto á desvalorización salarial, están conducindo cara un modelo de crecemento desequilibrado que está empobrecendo aos traballadores e á poboación en xeral.

Este é o modelo que afianzou a política de recortes do Goberno e que provocou que os fogares en Galicia perderan máis do 4 por cento da súa renda dende o 2012 e que o 25,7 por cento da poboación galega viva en risco de pobreza e exclusión social.

Deste xeito estase consolidando a figura do traballador pobre, persoas que, a pesar de ter un posto de traballo, non gañan o suficiente para saír do limiar da pobreza. E os gobernos do PP, tanto en Galicia como no Estado, agora en funcións, son os principais responsables.

Outras políticas económicas e sociais

Para UGT-Galicia, son imprescindibles outras políticas económicas e sociais. Políticas que se centren nas persoas, en mellorar o emprego, en combater o paro de longa duración e a precariedade laboral e conseguir que a recuperación da economía chegue de xeito real ás familias deste país, que melloren a calidade do emprego e as rendas do traballo.

Centrando a análise nas estatísticas facilitadas, estas indican que o mes de setembro

remata con 194.336 desempregados en Galicia, medrando nun 0,67 por cento en relación ao mes de agosto, 1.291 desempregados máis. No resto do Estado o paro medrou nun 0,62 por cento.

En termos interanuais, o paro baixou en Galicia nun 9,9 por cento, 21.401 desempregados menos.

As mulleres volven ter maior peso no desemprego

Por sexos, o comportamento non é igual entre os homes que entre as mulleres. Entre os homes cae nun 0,20 por cento pero medra nun 1,36 por cento entre as mulleres. As mulleres volven ter maior peso no desemprego, acadando unha porcentaxe máxima nos últimos anos, do 56 por cento. En relación a hai un ano o desemprego cae en ambos casos pero a recuperación beneficia moito máis aos homes que baixan o paro nun 11,8 por cento, fronte ao 8,4 por cento das mulleres.

Neste mes o paro cae entre os menores de 25 anos nun 3,12 por cento e no ano a caída tamén é máis acusada, do 27,7 por cento. A saída de efectivos da Comunidade galega na busca dun futuro mellor e a falta de relevo xeracional son a explicación.

Por sectores, o paro medra nos servizos, polo factor estacionalidade, en 2.309 desempregados máis. Tamén sube na industria, un 0,7 por cento, pero no resto dos sectores contráese.

O alto nivel de contratación, 93.788 contratos nun mes, proba a alta rotación do mercado laboral galego, cun número total de asa-



lariados na contorna dos 800.000.

Ademais, a precariedade ven marcada polo feito de que tan só o 7,21 por cento dos contratos asinados foron de carácter indefinido, fronte a unha porcentaxe que no Estado é de 9 puntos.

Baixos niveis de cobertura por desemprego

AUGT-Galicia, un mes máis, preocúpalle os baixos índices de cobertura por desemprego. A cifra de beneficiarios de prestacións por desemprego é de tan só 93.934 persoas, un valor mínimo. Pero é que o carácter contributivo da prestación tamén está baixo mínimos, tan só 39.702 persoas son beneficiarias de prestacións de carácter contributivo. A taxa de cobertura queda no 53,3 por cento en Galicia, afastada do 58,2 por cento do Estado.

Finalmente, en relación á media de afiliación á Seguridade Social, as estatísticas indican que en Galicia esta é de 972.887 afiliados cotizantes, baixando un 0,64 por cento, 6.218 afiliados menos. Mentres no Estado mantense. En relación a hai un ano, Galicia tamén rexistra un peor comportamento que o resto do Estado, mentres nesta Autonomía medra esta nun 1,61 por cento, no resto das comunidades autónomas a media de suba foi dun 3,04 por cento.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

CONSTITUÍDA A FESMC-UGT DE GALICIA

Redacción.- A nova federación de Servizos, Mobilidade e Consumo de UGT-Galicia (FeSMC-UGT) quedou constituída o pasado venres en Santiago de Compostela coa participación dos 150 delegados e delegadas convocados para o Congreso Constituínte.

Esta nova federación integra ás dúas antigas federacións de FES-UGT e SMC-UGT nunha nova estrutura que vén dar resposta ao mandato do 42º Congreso Confederado para redimensionar organicamente a Unión Xeral de Traballadores.

A nova federación organizará no seu seo a 6 sectores que os compoñerán diversas actividades económicas, entre as que destacan o aéreo, estradas e urbanos, comercio, comunicacións (tecnoloxías da información e a comunicación), ferroviario, grandes almacéns, hostalería turismo, xogo, marítimo portuario, restauración social, comunicación, cultura e deportes, financeiro, limpeza e servizos á sociedade, seguridade privada e servizos auxiliares; e seguros e oficinas.

Igualmente, o congreso é a consecuencia da constitución a nivel estatal da nova federación, o pasado 20 de maio, en Madrid. Aquel foi o pistoletazo de saída para que se constituían, durante os próximos meses, todas as federacións de FeSMC-UGT nos distintos territorios.

O Congreso aprobou o Regulamento que regulará o funcionamento da actividade do sindicato co 62,41% de apoio dos asistentes, e elixiu polo 62% á candidatura encabezada por Eladio Romero quen liderará á nova Comisión Executiva de Galicia composta por seis membros, tres homes e tres mulleres:

Secretario Xeral: Eladio Romero Ares

Secretaria de Organización: Mª Dolo-



res Somoza

Secretario de Administración: Daniel Antelo Pérez:

Secretaria de Acción Sindical: Mª Carmen Freire Pardo

Secretario de Coordinación Sectorial e Territorial: Celestino Criado Currás

Secretaria de Igualdade e Saúde Laboral: Mª Pilar Rodríguez Sanmartín

“A igualdade no mercado laboral. Superando obstáculos, rompendo barreiras”

VIGO ACOLLE O XXI ENCONTRO SINDICAL DA MULLER

Redacción.- As unións comarcais de UGT e CCOO en Vigo organizan, en colaboración co Concello de Vigo, este xoves e venres na cidade olívica o XXI Encontro sindical da muller no que se esta a debater sobre “A igualdade no mercado laboral. Superando obstáculos. Rompendo barreiras”.

A precariedade laboral, a discriminación salarial, as dificultades para conciliar a vida persoal, familiar e laboral, as menores taxas de ocupación ou a grande invisibilidade das situacións de acoso sexual e por razón de sexo nos centros de traballo son altas barreiras ás que as mulleres se enfrontan nas empresas e, por suposto, á violencia de xénero que ten repercusións en todos os eidos.

Por iso, nestas xornadas, a través da exposición de diversas ponentes estase a facer fincapé na importancia do apoderamento, de concibir a empresa en feminino, das medidas de conciliación, da loita contra a violencia de xénero, así como, dos mecanismos e ferramentas dispoñibles para actuar fronte a situacións de discriminación desde a perspectiva de xénero.

Concretamente, o xoves día 6, tivo lu-

gar o acto de apertura no Hotel Coia de Vigo ás 10.00 horas. Neste interviñeron a concelleira de Igualdade, Normalización lingüística e Xuventude do Concello de Vigo, Uxía Blanco; a secretaria de Igualdade e Política social da Unión comarcal de CCOO de Vigo, Elena Rodríguez; e Ana Valiño en representación da Unión comarcal de UGT de Vigo.

Xa ás 10.30 a especialista en emprendemento feminino Fátima Rodríguez falou sobre “Empresa en feminino: a realidade do emprendemento e as políticas de igualdade”.

Ás 12.00 horas desenvolveuse un obradoiro sobre “Técnicas e importancia da utilización dunha linguaxe inclusiva” que dirixiu Llerena Pedrozo, feminista especializada en comunicación, xénero, cultura e medio ambiente.

Estes encontros retomaranse ao longo desta mañá a partir das 9.30 horas cunha intervención sobre “O acoso sexual e o acoso por razón de sexo no ámbito laboral” que correrá a cargo da secretaria da Muller,



Xuventude e Cooperación do S.N. de CCOO de Galicia, Mabel Pérez.

Ás 10.15 a secretaria de Igualdade, Xuventude e Movements sociais de UGT-Galicia, Mónica Rodríguez explicará o “Protocolo para a detección e tratamento de situación de violencia de xénero na empresa”.

Pola súa banda, Carmen Clavería, psicóloga clínica, especialista en intervención social con mulleres, dirixirá o obradoiro sobre “Sensibilización contra a violencia de xénero” a partir das 11.30 horas. Ás 12.30 daranse a coñecer as conclusións froito desta dúas xornadas de traballo e ás 13.30 terá lugar a clausura.

CALQUERA GOBERNO QUE NON VIRE CARA ÁS PERSOAS SERÁ LEGAL PERO NON LEXÍTIMO

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que "calquera Goberno que non vire cara a unha política de recuperación e de liberdades democráticas terá a legalidade que queira, pero non será lexítimo, porque non se correspondería co cambio que votaron sete de cada dez cidadáns deste país".

Neste sentido, sinalou que "o país necesita un Goberno cuxo programa se corresponda co que votaron os cidadáns, que non é outro que o cambio. Que se aborden aquelas cuestións que non poden esperar, como o aumento das pensións, do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) ata os 1.000 euros ao acabar esta lexislatura, que se derogue a reforma laboral e que se poñan en marcha as políticas industriais que reactiven a economía".

Ademais, considerou que "o sindicato non é partidario dunhas terceiras eleccións, pero se Mariano Rajoy preséntase a outra investidura co programa de Goberno que presentou a ou-

tra vez e polo que foi rexeitado porque non contiña ningunha das necesidades que ten a maioría da poboación, sería un erro maiúsculo para este país".

O PSOE débese recuperar e axudarnos a protexer dereitos e liberdades dos traballadores

Preguntado pola situación actual do PSOE, o secretario xeral de UGT afirmou que "o sindicato viviu a xomada do sábado con impotencia, tristeza e, á vez, desexo que este partido se recupere canto antes e sexa capaz de axudarnos a protexer dereitos e liberdades dos traballadores".

"As decisións que toman os partidos hai que respectalas", considerou, "pero a maioría dos cidadáns deste país necesitan que o



PSOE supere canto antes esta situación e sitúese en plena forma na defensa dos traballadores".

Ademais, manifestou que "seguiremos esixindo, tanto ao PSOE como ao resto de partidos, que manteñan o seu compromiso de implementar as 20 actuacións polo progreso e o benestar social que lles presentamos antes das eleccións e que case todos asumiron, porque son as políticas que se deberían desenvolver. O PSOE está agora nunha situación de interinidade e o que opina este partido verémolo nos próximos días".

UGT EXPÓN A INJUSTICIA CONTRA OS 300 SINDICALISTAS ENCAUSADOS POR EXERCER O DEREITO DE FOLGA



En defensa del DERECHO DE HUELGA

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores explicou ao movemento sindical europeo a situación na que se atopan os 300 sindicalistas procesados por exercer o dereito fundamental de folga e a actuación dos sindicatos do noso país ante esta inxustiza propiciada polo Goberno do PP.

Nunha reunión do grupo de comunicación da Confederación Europea de Sindicatos (CES), celebrada en Bruxelas o pasado venres, o Xefe de Gabinete de Secretaría Xeral e Director de Comunicación do sindicato, Rafael Fernández Cañas, expuxo a situación de 300 sindicalistas acusados, dous

deles en Galicia (Carlos e Serafín) de atentados contra a autoridade, desordes públicas e danos nunha campaña do Goberno contra as liberdades cidadás e un ataque continuo e sistemático ao movemento sindical.

Condenas de xeito evidente inxustas, desproporcionadas e inconstitucionais, sen precedentes na nosa democracia. Para UGT, condenar a traballadores e pais de familia por exercer un dereito fundamental con penas de ata cinco anos e tres meses de prisión supón un atentado contra o dereito de folga e a liberdade sindical.

Dereitos que ven minguados en España como consecuencia dunhas leis penais impostas polo Executivo do PP que restrinxen dereitos fundamentais.

Por iso, UGT quixo deixar claro ante o movemento sindical europeo que vai continuar loitando porque todos os sindicalistas procesados por exercer estes dereitos resulten absoltos e déixense de vulnerar as liberdades recollidas na Constitución. O Goberno debe derrogar xa a Lei Mordaza e deixar de impoñer recortes que o único que posibilitan é o cercenamiento dos dereitos dos cidadáns do noso país.

UN PAÍS QUE NON RESPECTA AS NECESIDADES DAS PERSOAS MAIORES NON É UN PAÍS DIGNO

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que “os pensionistas e xubilados son necesarios e imprescindibles nesta sociedade. Hai que defender o dereito para ter unha pensión digna, porque un país que non coida nin respecta as necesidades das persoas maiores non é un país digno”.

Pepe Álvarez realizou estas declaracións no acto organizado o pasado venres pola Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT con motivo do Día Internacional do Maior que se celebrou o sábado, 1 de outubro, no que se mobilizaron facendo unha cadea humana desde Atocha ata a Praza de Neptuno en Madrid para esixir unha mellora da calidade de vida dos maiores neste país. Dende Galicia acudiu unha delegación, organizada pola Unión de Xubilados galega, formada por dous autobuses con xubilados procedentes de toda a Comunidade.

“Levamos moito tempo con recortes e moitos deles afectaron aos nosos maiores”, sinalou Álvarez. “Necesitamos un Goberno que mire por eles, pero que non nos fagan elixir hoxe en día entre o malo e o peor, porque durante este tempo de interinidade do Goberno os venres vivimos tranquilos sen recortes”.

Neste sentido, considerou que os partidos políticos deben asumir os seus com-

promisos coas organizacións sindicais. “Os partidos comprometéronse coas 20 actuacións que presentamos UGT e CCOO, así que deben cumprir os seus compromisos, porque moitas delas teñen relación cos xubilados e pensionistas”.

“Tamén lles presentamos unha proposta para revalorizar as pensións”, afirmou. “O 0,25% que anuncia o Goberno para o ano que vén é ridículo, non lles dá nin para un café aos nosos maiores. Hai que revisar esta cifra e adecuala á previsión de inflación da UE a final de ano, que non será inferior ao 1,3%”.

Ademais, demandou “máis recursos para a lei de dependencia e acabar cos copagos farmacéuticos”.

“Que o Goberno non diga que non hai diñeiro, porque si o hai, por exemplo, das bonificacións á contratación para as empresas, que xeraron este ano 3.700 millóns de euros. O Executivo non se acordou dos pensionistas cando baixou os impostos aos máis ricos. Que paguen os seus impostos



e repártase a riqueza que se xera”, sentenciou.

Pepe Álvarez esixiu tamén “derrogar a reforma laboral, que está a arruinar a Seguridade Social. É o elemento fundamental para que a recadación do Sistema Público de Pensións caese tanto. Hai que subir os salarios, o sistema non se sostén con salarios de 400 ou 600 euros”.

Por iso, demandou á poboación que se mobilice en favor dos maiores deste país. “É unha loita de todos, non só dos pensionistas. Non deixaremos de loitar polos pensionistas de hoxe e de mañá. Non imos negociar ningunha reforma das pensións que represente unha diminución para os cidadáns do noso país”.

A UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES ACOLLE CON PESAR O RESULTADO DA CONSULTA EN COLOMBIA

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores acolle con pesar o resultado da consulta celebrada en Colombia, co que se pretendía apoiar o Acordo da Habana para a Paz no país andino.

A politización do referendo por parte dos detractores do presidente Santos, unida á baixa participación electoral, tivo como consecuencia o rexeitamento a un plan de paz que poñería en marcha os mecanismos para acabar con máis de cincuenta anos de guerra. A xuízo de UGT, a miope estratexia de explotar a veta electoral da loita antiterrorista mediante o desprestixio dun camiño cara á paz “baseado nas condicións dos guerrilleiros” afasta a Colombia do merecido desenvolvemento democrático, social e económico que o noso país imán merece.

Os traballadores e traballadoras colombianos tiñan numerosas razóns por votar si á paz, desde a posibilidade de esixir

unha política de traballo decente con beneficios concretos para 5 millóns de traballadores rurais (que na súa inmensa maioría atópanse na pobreza, sen voz, sen representación, sen dereitos laborais e protección social), a mellora das condicións para o crecemento da actividade económica produtiva, os cambios normativos en políticas públicas que garantisen a existencia, o funcionamento e a participación efectiva das organizacións sindicais e sociais, o recoñecemento e garantía do dereito á protesta social (e con iso o tratamento de orde pública que se lle daba aos conflitos sociais e laborais e a estigmatización e ataques violentos que sufriu o sindicalismo), a reparación colectiva do sindicalismo en xeral e das organizacións sindicais afectadas pola violencia, o restablecendo a liberdade sindical e os dereitos laborais perdidos no medio do conflito armado, o debate sobre a democratización das relacións laborais (que permitise establecer dereitos de informa-

ción, participación, consulta e negociación en todos os lugares de traballo) ou o debate sobre o papel do traballo decente na redución da desigualdade e as consecuencias políticas públicas que fixesen efectivos os dereitos no mundo do traballo. Así mesmo, a vitoria do non rexeita tamén os mecanismos de xustiza previstos no Plan, que deseen un impulso importante á verdade e á superación da impunidade dos crimes cometidos contra persoas afiliadas ás organizacións sindicais (polo menos 15.000).

A aposta pola paz era a oportunidade para responder os desafíos no logro da xustiza social, do regreso dos refuxiados e exiliados, do traballo decente, da democratización das relacións laborais, do recoñecemento dos dereitos sindicais, da negociación colectiva, da reparación colectiva do sindicalismo e na construción dunha paz positiva para os 24 millóns de traballadores e traballadoras e o pobo colombiano.

OS CONTRATOS TEMPORAIS DURAN UN MES MENOS QUE EN 2007

Redacción.- Os contratos temporais cada vez son máis temporais. Segundo un estudo de UGT, a duración media destes contratos en España pasou de 78,6 días en 2007 a 53,4 en 2015 (25,2 días menos, isto é un 32% menos de duración). As diferenzas son aínda maiores en determinadas modalidades, como os contratos de obra ou servizo e eventuais por circunstancias da produción (cae a duración un 44,1% nos primeiros e un 36% nos segundos).

Precisamente nestas dúas modalidades escúdanse gran parte dos contratos de moi curta duración. A porcentaxe de asalariados cun contrato temporal dun día de duración sobre o total duplicouse desde 2007, sendo especialmente relevante o incremento a partir de 2012. UGT denuncia a utilización perversa, descausalizada e ineficiente da contratación temporal e reclama, entre outras cousas, intensificar a vixilancia por parte da Inspección de Traballo e penalizar o uso inxustificado dos contratos de curta duración.

Os contratos temporais cada vez duran menos. A duración media do conxunto da contratación temporal pasou de 78,6 días en 2007 a 53,4 en 2015 (25,2 días menos, o 32%). Pero as diferenzas incrementáanse en función de determinadas modalidades, como os contratos de obra ou servizo e os eventuais por circunstancias da produción. Así, a duración media do primeiro pasou, de 2007 a 2015, de tres meses a menos de dous meses (40,5 días menos de duración, un 44,1%) e a do segundo pasou de 65,5 a 41,9 días (23,6 días de redución, un 36% menos).

É precisamente nestas modalidades onde aumentou máis o peso dos contratos de duración máis curta. De 2007 a 2015 os contratos de obra de duración igual ou menor a 7 días pasaron de supoñer o 5,2% ao 10,7% e os de duración igual ou inferior a un mes crecieron do 8,1% ao 14,4% (con todo, hai que destacar que no 80% destes contratos non se precisa a súa duración, senón que queda indeterminada, aberta á duración final da obra ou do servizo en cuestión).

Por iso, resultan máis relevantes os datos de duración dos contratos eventuais, que recollen a súa data de termo. A porcentaxe de contratos deste tipo



cuxa duración é igual ou menor a 7 días pasou de 27,9% en 2007 a 43,7% en 2015, o que supón un aumento de 15,8 puntos porcentuais. Os que duran un mes ou menos pasaron de supoñer o 50,7% ao 68,1%.

Incrementáanse os contratos de moi curta duración

Por outra banda, duplicouse a porcentaxe de asalariados cun contrato temporal de 1 día de duración desde 2007 (se antes representaban o 0,5% do total, agora a porcentaxe duplicase ao 1,1%). Especialmente rechamante é o aumento que se produce a partir de 2012. Tamén se incrementa o número de asalariados con contratos de duración inferior ao mes (en 2007 representaban o 2,4%, en 2016, supoñen o 4,4%).

O 30% dos contratos de 1 día de duración concéntrase en Hostalería, e un 10% en Actividades administrativas e servizos auxiliares. Concéntranse no sector servizos (hostalería, actividades de lecer, administrativas...) e as ocupacións relacionadas (restauración, servizos persoais, protección e venda), aínda que o ámbito de extensión é amplo (por exemplo esténdese a actividades profesionais, científicas e técnicas).

O acortamento da duración dos contratos é un fenómeno relacionado coa progresiva precarización do emprego. Isto prodúcese, sobre todo, a partir de 2010 e ten que ver coa aplicación de sucesivos cambios lexislativos que foron outorgando moito máis poder aos empresarios e allana o camiño para profundar nunha utilización

perversa, descausalizada e ineficiente da contratación temporal.

Para perseguir o abuso e uso indevido da contratación temporal UGT propón:

*Revisar o uso efectivo dos contratos de obra ou servizo e eventual por circunstancias da produción no conxunto do sistema produtivo. O obxectivo é que se adecúen mellor ás necesidades das empresas de cada sector, e elevar o nivel xeral de estabilidade no emprego do noso sistema laboral.

*Aumentar os medios e intensificar a vixilancia e control por parte da Inspección de Traballo dos contratos temporais de curta duración. Trátase de evitar que con estes contratos mantéñanse relacións laborais de maior duración, eludindo os custos de Seguridade Social, o salario do traballador e diferindo gastos ao sistema de protección por desemprego.

*Controlar as situacións de fraude aumentando as sancións e penalizar o uso inxustificado destes contratos de curta duración naquelas empresas que, de maneira habitual e reincidente, utilicen sen xustificación estes contratos.

*Cambiar os requisitos de rotación nos contratos de mínima duración. Esixir que se xustifique o por que a relación laboral debe ser inferior a 7 días e fixar topes específicos ao encadenamento de contratos de menos de 7 días. A limitación actual do encadenamento de contratos (24 meses sobre 30) queda lonxe de poder aplicarse a contratos que teñen unha duración máxima de 7 días.

FOLGA DE 24 HORAS NO SECTOR DO CONTACT CENTER

MILES DE PERSOAS MANIFESTÁRONSE POLAS RÚAS CORUÑESAS PARA DICIRLLE “NON” AO ERE EN EXTEL

Redacción.- Milles de persoas participaron na manifestación convocada este xoves na cidade herculina, con saída da rúa Ramón y Cajal, contra os 205 despedimentos inxustos e para dicirle non ao ERE en Extel.

Lembrar que trátase dun ERE que a empresa prevé executar en menos dun mes e que afectaría a 205 traballadores en A Coruña, do total dos 355 despedimentos que están previstos.

Isto supón que o centro de traballo de A Coruña vai ser o máis prexudicado por unha medida que dende FES-Coruña cualifican como innecesaria porque a carga de traballo segue a ser suficiente para manter a actual plantilla e alertan que detrás deste ERE podería haber un posible intento de deslocaliza-

ción cara outros países coa man de obra máis barata.

O Comité de empresa do centro de A Coruña vai levar adiante todas as medidas necesarias para intentar parar este ERE. Ademais dos paros, concentracións e a manifestación deste xoves, xa se abriu un calendario de contactos cos grupos políticos para intentar buscar apoios e solucións a unha situación moi preocupante.

O xoves tamén tivo lugar un paro de 24 horas no sector do contact center, cun seguimento masivo. De novo, os traballadores do



sector mobilízanse para demandar unhas condicións laborais dignas e alertar sobre os intentos da patronal de iniciar unha campaña de perda de dereitos nun sector xa moi precarizado.

CONCENTRACIÓN FRONTE AO HOSPITAL MODELO “POR UN CONVENIO DIGNO PARA A SANIDADE PRIVADA”

Redacción.- Os traballadores da sanidade privada da provincia de A Coruña continúan mobilizándose para denunciar o bloqueo do convenio colectivo propiciado por unha patronal que dende xaneiro mantén a mesma posición de ofertar un incremento salarial do 0,625 por cento para o 2016, para o 2017 e 2018.

Un incremento que, á vista dos baixos salarios que se pagan neste sector, é claramente insuficiente.

Este convenio afecta na provincia de A Coruña a uns 1.400 traballadores de hospitais privados.

Por todo isto, FeSP, xunto cos outros sindicatos do sector, decidiron iniciar un calendario de mobilizacións que se abriu cunha concentración fronte ao Hospital La Rosaleda en Santiago o 21 de setembro, continuou tamén cunha concentración en A Coruña fronte ao Hospital Modelo este luns e seguirá coa concentración convocada para o día 17 fronte ao Hospital Juan Cardona en Ferrol.



MANIFESTACIÓN MAÑÁ EN SANTIAGO CONTRA O ERE NO POPULAR

Redacción.- Baixo o lema, “Non ao despedimento colectivo no Banco Popular e no Banco Pastor”, FeSMC-UGT, xunto cos outros sindicatos con representación no sector, anuncian un calendario de mobilizacións cuxa cita máis próxima é este sábado, día 8, cunha manifestación convocada en Santiago con saída ás 12.00 horas da Praza de Galicia.

O día 13 está prevista en A Coruña unha mobilización fronte á Fundación Barrié, no Cantón Grande, e o día 20 en Vigo

fronte á sede do Popular en Policarpo Sanz.

Onte, o día 6, abriuse o período de consultas sobre o despedimento colectivo anunciado que suporá a perda de 2.900 postos de traballo.

Xa que a empresa no período previo ignorou as medidas de flexibilidade interna que os sindicatos puxeron enriba da mesa co fin de evitar o ERE salvaxe que se pretende.

